

A disposición adicional oitava da Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, establece que as universidades adaptarán os seus estatutos conforme ao disposto na LO 4/2007 nun prazo máximo de tres anos.

Na sesión do Claustro de data 14 de febreiro de 2007 foi elixida a Comisión encargada de adaptación dos Estatutos á LOU. A composición de dita Comisión é a seguinte:

- Presidente
- 6 Profesores Funcionarios Doutores
- 2 Profesores doutro Persoal Docente e Investigador
- 5 Estudantes
- 2 PAS

Unha vez elaborado pola Comisión de adaptación o texto faise necesario establecer un procedemento para o seu debate e aprobación polos membros do Claustro.

De acordo co exposto anteriormente a Mesa do Claustro acordou por unanimidade elevar ao Claustro a seguinte proposta de normativa de modificación e aprobación dos Estatutos da Universidade de Vigo.

## **NORMATIVA DE MODIFICACIÓN E APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.**

**Aprobado na sesión ordinaria do Claustro Universitario do 17-03-09**

Primeiro. A Comisión encargada da elaboración do texto de adaptación dos Estatutos presentará ante o Presidente da Mesa do Claustro o anteproxecto do texto.

Segundo. O anteproxecto remitirase a todos os claustrais e abrirase un prazo dun mes para a presentación de emendas.

As emendas, que deberán estar avaladas pola sinatura e DNI de polo menos 10 claustrais, poderán consistir na inclusión, modificación ou supresión, propoñendo nos dous primeiros casos un texto alternativo, debéndose acompañar da argumentación en que se fundamente.

As emendas remitiranse ao Presidente da Mesa do Claustro en formato electrónico antes das 14 horas do día en que remate o prazo previsto no parágrafo anterior.

Terceiro. A Comisión debaterá as emendas presentadas e, no seu caso, as someterá a votación. A emenda entenderase aprobada se obtén o voto da maioría dos membros da Comisión. En caso contrario, entenderase rexeitada pero obterá o dereito de ser defendida no Pleno do Claustro se consegue o apoio favorable dunha cuarta parte dos membros da Comisión presentes na sesión.

Cuarto. Elaborado o anteproxecto pola Comisión, convocarase a todos os membros do Claustro para o seu debate e aprobación, se procede.

Quinto. A aprobación polo Claustro da modificación dos Estatutos requirirá, en primeira votación, o voto favorable da maioría absoluta do Claustro, ou dos dous terzos dos claustrais presentes en segunda, sempre que o número destes sexa igual ou superior á metade dos membros do Claustro.

Sexto. As modificacións aprobadas serán elevadas á entidade correspondente da Comunidade Autónoma para a súa aprobación e, se é o caso, a publicación no DOG.

Disposición derogatoria. Quedan derogadas as normativas de elaboración e aprobación dos Estatutos aprobadas nas sesións de 13-12-2002 e 12-02-2003.

Disposición final. Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa probación polo Claustro.